


DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño, peóns ao camiño"

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA OS CENTROS DE ENSINO



BRINQUEDIA, Rede Galega do Xogo Tradicional
11 de Novembro de 2011




DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

DESCRIPCIÓN XERAL DA PROPOSTA


| | |
|--------------------------------|--|
| DENOMINACIÓN | <i>Día do Peón</i> |
| ENTIDADES IMPLICADAS | Promove: Brinquedia, rede galega do Xogo Tradicional Entidades obxectivo: Centros de Ensino das etapas obrigatorias de toda Galicia |
| NATUREZA DO PROXECTO | Evento cultural, lúdico e educativo. |
| OBXECTIVOS | <ul style="list-style-type: none">✚ Promover unha iniciativa dirixida á recuperación das prácticas lúdicas tradicionais, neste caso concreto o xogo do peón.✚ Introducir o xogo do peón no currículo escolar.✚ Fomentar a práctica diaria dos xogos tradicionais nos diferentes centros escolares galegos.✚ Provocar que os xogos tradicionais, e particularmente o xogo do peón, se convertan nun espazo de relación entre a comunidade educativa (alumnos, profesores, pais...)✚ Implicar a distintos organismos oficiais e da administración na promoción e difusión do patrimonio lúdico. |
| PROGRAMA DE ACTIVIDADES | <p>Os xogos tradicionais son actividades lúdicas que forman parte de patrimonio dos pobos e que enriquecen persoal e culturalmente ao ser humano; son xogos para todas as idades e de menos esforzo para os máis cativos. Nos tempos actuais aparecen determinados colectivos interesados na recuperación destas prácticas lúdicas e na reintegración dos mesmos á cadea de produción cultural. Brinquedia, rede galega de xogo tradicional, é un destes colectivos, e contempla entre outros obxectivos o de realizar actividades de divulgación. Por tal motivo tomou a iniciativa de propoñer a data do 11 de novembro (San Martiño) de cada ano como un día fixo no que os peóns, trompos ou buxainas bailen en todos os centros escolares galegos. A proposta consiste en incorporar o xogo do peón aos actos que se desenvolven ese día, coa intención de que chegue a converterse nunha data fixa de celebración escolar anual.</p> <p>Entre a batería de actividades propostas para realizar nos centros de ensino nos días (semana) previas e mesmo o Día do Peón están as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">✚ Procurar que cada alumno consiga un peón.✚ Personalizar cada peón, tunealo, pintalo...✚ Facer unha exposición con todos eles e con outros traídos de calquera lugar do mundo.✚ Convocar concurso de cartaces para o evento.✚ Celebrar exhibición con persoas que dominen o enredo do peón.✚ Invitar a persoas maiores a que participen no acto. |



DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

| | |
|----------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none">✚ Gravar os actos que se celebren e publicitalos.✚ Divulgar todo o que se faga no concello correspondente.✚ Utilizar espazos públicos para a realización das actividades.✚ Intercambiar experiencias con outros centros e tamén con persoas invitadas. |
| LOCALIZACIÓN | Acto central: Concello de Fene; resto de actividades: en cada centro de ensino de toda Galicia |
| TEMPORALIZ. | Venres, 11 de Novembro de 2011. Acto central: de 11 a 13 horas; resto de centros, nos horarios e días que estimen oportunos (respectando a hora central sinalada do día 11: as 12:00 horas) |
| PARTICIPANTES | Comunidade educativa dos centros de ensino non universitario; no Acto Central, centros de ensino de Fene e a Comarca, así como outros colectivos comunitarios e do movemento asociativo. |





DÍA DO PEÓN


"Polo San Martiño, peóns ao camiño"

ALGUNHAS PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1. Língua

Hai moitos tipos de peóns, trompos, bailaretos e perinolas; e as súas partes teñen diferentes nomes segundo a zona na que nos atopemos. Na nosa proposta, estes son os nomes identificativos. Búscalos na sopa de letras.





DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

ACTIVIDADE 2. Oralidade tradicional galega

No refraneiro galego hai moitas referencias ao peón, coma:

Polo San Martiño, peóns ao camiño


Polo Santo Amaro, peóns ao faiado

Polo Santo Antón, trompos ao caixón

Pola Santa Olaia, peóns á borralla...

Coa axuda dos vosos mestres, buscade:

- As datas ás que fan referencia os diferentes santorais
- Tentade explicar o significado de cada unha das rimas
- Buscade outros retrousos galegos...





DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

ACTIVIDADE 3. Destrezas: Móbil de peóns





Nesta actividade podedes copiar, colorear, recortar... para construír un móbil de peóns. Só precisades duns fíos para unir as diferentes pezas e poder colgalo. Ánimo!






DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"





DÍA DO PEÓN


"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

ACTIVIDADE 4. Cociña: Galletas de peóns

Nesta actividade debedes de pedir axuda para poder utilizar o forno dos vosos maiores; tamén vos poden axudar a facer o molde, recortando unha lata e dándolle a forma adecuada.

Unha receita moi saborosa pode ser a seguinte:

| Ingredientes: | Masa para preparar galletas caseiras |
|--|--|
| fariña 150gr azucres 70gr manteiga 75gr améndoas moídas 100gr 1 xema de ovo. | Instrucións Nun recipiente mesturamos a fariña coa manteiga que estará a temperatura ambiente, tamén engadimos o azucre e as améndoas, mesturar un pouco. Facemos un volcán coa preparación anterior onde colocamos a xema. |
| Comensais: 6 | Mesturar a masa ben e traballámola uns 20 minutos. |
| Tempo: Medio (20'-40') | Colocámola na neveira uns 30 minutos ou conxelador uns 10 a 15 minutos e tapamos con papel filme. |
| Custo: Barato | Cando a utilizemos para facer galletas, estirarémola ben cun rodete moi finas (3 ou 4 mm) e collemos un corta pasta para facer as formas das galletas. |
| Dificultade: Moi Fácil | Meter ao forno con papel vexetal 15 a 20 minutos a 180° e a media altura. |
| Cociñado: Forno/Asado | Un consello: |
| | A fariña sempre dobre que de manteiga; podedes engadir saborizantes: vainilla, limón relado, pedazos de chocolate. |



DÍA DO PEÓN




"Polo San Martiño, peóns ao camiño"


ACTIVIDADE 5. Destrezas manuais: Constrúe un bailarete

Hai moi diversos xeitos de construír unha perinola ou bailarete. A mosámosche algún deles

A) BAILARETE DE LÁPIS E PLASTILINA

Materials: Lapis vello, plastilina.

| | |
|---|--|
| <p>Collemos un lapis vello, pequeno, e un anaco de plastilina</p> |  |
| <p>Facemos unha "serpe" de plastilina</p> |  |
| <p>Axustamos a plastilina arredor do lapis, deixando a maior parte do lapis por derriba da plastilina... e proba a xiralo cos dedos.</p> <p>Podedes probar a colocar maior masa de plastilina, decoralas, etc</p> |  |



DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño o, peóns ao camiño"

B) BAILARETE DE CORTIZA E PALILLO

Materials: tapón de cortiza de botella, palillo redondo ou pauciño axeitado


Collemos os materiais: un tapón de cortiza e un palillo; o cortiza cortámolo transversalmente, para dividilo en dúas porcións (poderemos facer dous bailaretes)




Atravesámolo co pauciño, deixando a maior parte do pau no lado de agarrar

...E poñémolo a bailar

Podedes probar a facer un "híbrido" co anterior, colocándolle ao tapón de cortiza tamén plastilina; ou traballar máis a cortiza e aguzala no lado que vai a virar, tomando máis a forma de perinola





DÍA DO PEÓN

"Polo San Martiño, peóns ao camiño"

En Brinquedia queremos iniciar un traballo... para que sexades vós quen o melloredes, completedes, comentedes, etc.

Visítanos en www.brinquedia.net e déixanos as túas achegas.

Grazas e a desfrutar do Día do Peón